CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE MAIO DE 2025

PRESIDENTA:

Dª Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
Dª Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e dez minutos do día seis de maio do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, Dª. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, Dª Patricia Esther Espiñeira Galán e D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.ª Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 29 de abril de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 29 de abril de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Ministerio de Facenda, Orde HAC/407/2025, de 28 de abril, pola que se establecen os criterios de distribución ás entidades locais da compensación prevista na disposición adicional octoséxima da Lei

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2023, prorrogada para 2025. BOE número 104, de 30-04-2025.

- Orde INT/409/2025, de 29 de abril, pola que se declara o cesamento dos efectos da Orde INT/399/2025, de 28 de abril, pola que se declara a emerxencia de interese nacional no territorio de diversas comunidade autónomas como consecuencia da interrupción da subministración eléctrica acaecida o 28 de abril de 2025, nas Comunidades Autónomas de Andalucía, Castilla-La Mancha, Galicia, La Rioja, Murcia e Comunitat Valenciana. BOE número 104, de 30-04-2025.

3.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA NÚMEROS 397/2025 E 391/2025, DE 30 DE ABRIL, RESPECTO DA DETERMINACIÓN DE HORA DE CELEBRACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA RESPECTIVAMENTE.

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía números 397/2025 e 391/2025, do 30 de abril, que a seguir se transcriben:

Resolución 397/2025:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 11 de xullo de 2023, acordou *"(…) celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno local con carácter semanal, os martes ás nove horas (09.00 h). No suposto de que o día prefixado coincida con festivo celebrarase sesión, co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente posterior á mesma hora".*

Visto o disposto no parágrafo segundo do artigo 132.2 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

"Correspóndelle ao alcalde fixar, mediante a correspondente resolución, o día e hora no que se debe realizar a sesión ordinaria."

En uso das atribucións conferidas, **RESOLVO:**

Primeiro.- Determinar que a Xunta de Goberno local se reunirá en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, os martes ás 10.00 horas, no despacho da Alcaldía.

Segundo.- Dar conta da presente resolución aos membros da Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar".

Resolución 391/2025:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local, salvo a concesión do dereito de uso privativo sobre urnas e cinseiros no cemiterio municipal, e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

  Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación.

Quedan reservadas á Alcaldía en materia de contratación:

- a dirección e xestión administrativa da contratación municipal, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000

euros IVE excluído, que corresponderán, de acordo coa delegación de competencias efectuada por esta Alcaldía, ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico

- e a revisión de oficio dos actos nulos

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

4. A aprobación da oferta pública de emprego de acordo co orzamento e o cadro de persoal.

5. A aprobación dos instrumentos de desenvolvemento de planeamento xeral non atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución".

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 25 ao 30 de abril de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 372/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 404/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
372/2025	25-04-2025	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas por JTB e MdelCPL, na finca sita en Altamira, Anceis, consistentes na reforma e ampliación dunha edificación, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
373/2025	25-04-2025	Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local
374/2025	25-04-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de abril de 2025
375/2025	25-04-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		05/03/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: MMdelaIS
376/2025	25-04-2025	Corrección do acordo da Xunta de Goberno Local do 01.04.2025, de adxudicación do contrato o acordo relativo á declaración de deserto do lote 1 e adxudicación dos lotes 2, 3 e 4 do "Servizo de colaboración para o desenvolvemento de actividades/eventos deportivos e culturais ao aire libre organizados polo Concello de Cambre"
377/2025	25-04-2025	Autorizar a emisión dun certificado electrónico de representante do Concello de Cambre a nome de LRP, xefa da Unidade de Réxime Interior interina, para os únicos efectos de que sexa empregado no desenvolvemento das súas obrigas laborais, respecto dos expedientes municipais previamente tramitados pola Unidade de Réxime Interior
378/2025	25-04-2025	Revogación da Resolución da Alcaldía número 320/2025, de 4 de abril, de delegación na concelleira dona María del Carmen Pan Matos a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MBRC e JLGC, que terá lugar o día 26 de abril de 2025, ás 13,30 horas.
379/2025	25-04-2025	Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia unha subvención, de conformidade coa citada orde, por importe total de 49.806,00 €, para contratar a tres traballadores para a realización de traballos de prevención de incendios nas faixas secundarias, e tendo en conta que o importe da indemnización por fin de contrato para cada traballador ascende a 461,51 euros
380/2025	25-04-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FDR
381/2025	25-04-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 04/04/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: SVGJ
382/2025	25-04-2025	Conceder, con efectos de data 04 de xullo de 2024, o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 174, letra C, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de CDP, falecida o día 03 de xullo de 2024, informándolle que os titulares das urnas deberán compartir obrigatoriamente o dereito funerario do uso do cinceiro, se o houbera, no correspondente panteón. Solicitante: CM
383/2025	25-04-2025	Creación de áreas de goberno
384/2025	25-04-2025	Nomeamento de tenentes de alcaldesa
385/2025	25-04-2025	Aprobar a lista provisional de admitidos/as-excluídos/as no proceso de selección para a contratación de tres traballadores/as ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais - Programa PEL concellos 2025
386/2025	25-04-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumplirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MdelMHS
387/2025	25-04-2025	Considerar desistido a DFGB da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 23/1/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
388/2025	25-04-2025	Considerar desistida a NCL da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 10/6/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
389/2025	25-04-2025	Considerar desistido a SLG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 15/11/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
390/2025	25-04-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 10/02/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: CST
391/2025	30-04-2025	Delegación na Xunta de Goberno Local de atribucións da Alcaldía
392/2025	30-04-2025	Comparecer no procedemento abreviado número 0000044/2025 ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación ao letrado don Secundino García Uzal, colexiado núm. 1166 do Ilustre Colegio de Abogados da Coruña. a 27.01.2025, demanda interposta pola representación procesual de “Reale Seguros Generales, S.A.”, contra o Concello de Cambre por responsabilidade patrimonial
393/2025	30-04-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de COI foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 223, letra B do cemiterio municipal de Cambre, o día 15 de abril de 2025
394/2025	30-04-2025	Tomar coñecemento de que os restos mortais de FOA foron inhumados na urna central sinalada co número 47 letra C do cemiterio municipal de Cambre, en data 29 de marzo de 2025
395/2025	30-04-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumplirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: IGM
396/2025	30-04-2025	Conferir as delegacións xenéricas a prol dos/a tenentes de alcaldesa, para as áreas, co ámbito material reflectido na resolución de Alcaldía núm. 383/2025, do 25 de abril, de creación das áreas de

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

		goberno local
397/2025	30-04-2025	Determinar que a Xunta de Goberno local se reunirá en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, os martes ás 10.00 horas, no despacho da Alcaldía
398/2025	30-04-2025	Delegar na concelleira dona Patricia Esther Espiñeira Galán competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de LOS e DBM
399/2025	30-04-2025	Arquivar o expediente de orde de execución incoado a ECV para a roza da vexetación existente na finca sita en Outeiro, Cela e a poda da árbore que afectaba a infraestruturas de iluminación pública á marxe do camiño de titularidade municipal, ao terse constatado que se subsanaron as causas que deron lugar á súa incoación
400/2025	30-04-2025	Estimar o recurso de reposición interposto por MCVV fronte á resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá núm. 287/2025 de data 26.03.2025, na que se lle revoga a bonificación da cota da taxa por subministración de auga para vivendas nas que o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa por falta de presentación da documentación, por acreditarse que a interesada presentou a documentación xustificativa no prazo previsto no artigo 5.3 da ordenanza fiscal núm. 15
401/2025	30-04-2025	Considerar desistida a DMChA da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 06/02/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
402/2025	30-04-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 24/03/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: LChCh
403/2025	30-04-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumplirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SBB
404/2025	30-04-2025	Aprobar a nómina do mes de abril de 2025 cun total de retribucións brutas de 393.158,42 euros

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

FIRMADO POR Pilar María Pastor Novo (FECHA: 09/05/2025 09:00:00) , Diana Piñeiro Fernández (FECHA: 09/05/2025 09:21:00)
Versión imprimible
CVD: NBR2/sB3PuwUVu5YAYWw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.